

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2313** *Lei orgánica 1/2021, do 15 de febreiro, de reforma da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, de Estatuto de autonomía da Rexión de Murcia.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

A prolongada crise de confianza da cidadanía no sistema político e nas institucións, ben que está directamente motivada pola prolongada crise económica que vive o noso país e, por tanto, a Rexión de Murcia, o certo é que se agravou por razón dos numerosos asuntos relacionados coa corrupción política que puxeron en xaque a credibilidade da política, das institucións e daquelas persoas que desempeñan esa actividade de servizo público, e fan, hoxe máis que nunca, necesaria unha resposta política inmediata ante unha situación que non podemos permitir que se siga deteriorando.

Ante este panorama e co fin de achegar solucións palpables á cidadanía, a presente reforma parcial do Estatuto de autonomía faise necesaria para que desde a nosa norma fundamental se determine unha firme declaración tendente a dar cumprida e inmediata resposta á preocupación da cidadanía pola limpeza da democracia e a eliminación de determinadas situacións que no momento que vivimos e polas razóns anteriores son consideradas pola sociedade á cal representamos como un privilexio e non como un dereito.

Efectivamente, tanto no noso texto constitucional como no presente Estatuto regúlanse determinadas figuras xurídicas que pretenden garantir o exercicio adecuado de certas funcións públicas como son a inviolabilidade, a inmunidade e o foro xurisdiccional. A orixe destas figuras xurídicas remóntase ao século XIV e supuxo a reivindicación da tarefa dos parlamentarios e facilitar que puidesen expresarse con liberdade no ámbito do debate parlamentario.

Pois ben, aínda que é certo que o fundamento que deu orixe a estas figuras de protección aos representantes parlamentarios tiña sentido para o mellor devir do debate parlamentario, non o é menos que a evolución das ditas figuras deveu nunha protección excesiva que amparou tamén os membros do poder executivo, superando con moito o iniciático concepto de protección da liberdade de expresión para pasar a ser un verdadeiro status especial, un foro xudicial específico, que non desfrutaba ningún outro cidadán ou cidadá no noso Estado de dereito para o que non se previse tal condición.

Non hai marxe nin razón para seguir mantendo esta figura do aforamento especial para os deputados da Asemblea Rexional de Murcia, nin para os membros do Consello de Goberno, que, ben que deben seguir protexidos no ámbito da súa liberdade de expresión parlamentaria e política, non deben continuar alleos á xurisdición ordinaria por aqueles asuntos que, alleos ao seu normal desempeño parlamentario, os impliquen de forma directa en calquera procedemento xudicial de calquera ámbito xurisdiccional.

Esta modificación ten o carácter de inmediatez que a situación require en resposta ás demandas sociais de limpeza e transparencia en democracia, e coa pretensión de perdurabilidade que esta norma require.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, de Estatuto de autonomía da Rexión de Murcia.*

Un. Modifícase o artigo 25, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 25.

Os deputados rexionais:

1. Non están suxeitos a mandato imperativo.
2. Gozarán, aínda despois de teren cesado no seu mandato, de inviolabilidade polos votos e opinións que emitan no exercicio das súas funcións, que se entenden asumidos, para estes efectos, desde o acto da súa proclamación.
3. Teñen dereito a formular preguntas, interpelacións e mocións nos termos que o regulamento determine. Tamén os asiste o dereito a obter das autoridades públicas a información precisa para o desenvolvemento das súas funcións, salvo que se trate de actuacións ou materias en que o funcionario estea obrigado por lei a gardar segredo.»

Dous. Modifícase o artigo 33, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 33.

1. O Consello de Goberno responde politicamente ante a Asemblea de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.

No non previsto no Estatuto, unha lei da Asemblea, aprobada co voto favorable da maioría dos seus membros, regulará esta responsabilidade e, en xeral, as relacións entre ambos os órganos.

2. O Consello de Goberno cesará nos mesmos casos que o seu presidente.

3. O presidente do Consello de Goberno, logo de deliberación deste, pode formular ante a Asemblea Rexional a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos deputados rexionais.

Se a Asemblea Rexional non outorga a súa confianza, o presidente do Consello de Goberno presentará a súa dimisión ante esta e o presidente da Asemblea convocará, no prazo máximo de quince días, unha sesión plenaria para a elección de novo presidente da Comunidade, de acordo co procedemento establecido no artigo trinta e un deste estatuto, sen que en ningún caso isto supoña a disolución da Asemblea Rexional.

4. A Asemblea pode exixir a responsabilidade política do Consello de Goberno e do seu presidente, mediante a adopción, por maioría absoluta dos seus membros, dunha moción de censura.

A moción de censura deberá ser proposta polo quince por cento, ao menos, dos deputados rexionais, deberá incluír un candidato á Presidencia do Consello de Goberno e non poderá ser votada até que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do dito prazo poderán presentarse mocións alternativas. Se a moción de censura non é aprobada, ningún dos signatarios poderá presentar outra no prazo dun ano desde aquela, dentro da mesma lexislatura.

5. O presidente do Consello de Goberno non poderá formular a cuestión de confianza mentres estea en trámite unha moción de censura.

6. O Consello de Goberno cesante continuará en funcións até a toma de posesión do novo consello.»

Disposición derradeira.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN